Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo

correspondente á sesión ordinaria celebrada o
luns 13 de decembro de 2010

Iniciouse a sesión ás 17:00 do día 13 de decembro de 2010 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

> Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Luís Anido Rifón (CIG); Xosé A. Vila Sobrino (CIG); Gloria M. Pena Uris (AGPTU); Natividad Calvo Ruibal (AGPTU); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); José E. Ares Gómez (UXT); A. Javier García Núñez (UXT); Manuela Raposo Rivas (UXT).
>
> Desculpan a ausencia Xavier Simón Fernández (CIG) e Xavier Roca Pardiñas (CIG). Este último non chegou a tempo debido ó retraso do avión que o tiña que trasladar de Londres. En ausencia del actuou como Secretario Xosé A. Vila Sobrino.

Os puntos da orde do día foron:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior. Aprobouse por unanimidade a acta do 13 de outubro de 2010.

2. Informe da Presidencia. O Presidente da Xunta de PDI informou sobre o Plan Extraordinario de Promoción. Ademais, indicou que aínda non recibira o desglose cos gastos de Acción Social.

3. Nomeamento dun membro da Xunta de PDI-F na Comisión de Intervención e Resolución de Conflitos. Aprobouse por unanimidade nomear ó profesor Rafael Durán Barbosa (CCOO) como membro da Comisión de Intervención e Resolución de Conflitos.

4. Pagas Extras. Acordouse por unanimidade reivindicar ante o Reitor:

- O pago das pagas extras conforme ó determinado na Resolución do 25 de maio de 2010, da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos, a tal efecto (BOE de 26 de maio de 2010) adaptando o exposto no Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, nela aparecen explicitados os importes das pagas extras de xuño e decembro para o 2010 (páxinas 45897 e 45898) así como as diferentes compoñentes.
- O pago íntegro dos atrasos anteriores a 2010 segundo o compromiso electoral do propio Reitor, ratificado verbalmente, xa como reitor, en reunións posteriores con representantes desta Xunta de PDI-F.

5. Valoración do representante sindical de PDI no Consello de Goberno. A Xunta de PDI-F acordou pedirlle ó representante sindical de PDI en Consello de Goberno que, para o bo funcionamento, mande a orde do día e a documentación de cada Consello de Goberno para que a Xunta de PDI-F lle poida remiti-los acordos dela sobre os puntos da devandita orde do día.

6. Rogos e Preguntas. A profesora Gloria Pena roga que se difundan os acordos tomados na Xunta de PDI-F a través da propia Xunta de PDI-F. Esta profesora tamén solicita unha maior visibilidade da páxina WEB da Xunta de PDI-F.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 18:15 horas.

Vigo, 13 de decembro de 2010

O Secretario circunstancial — O Presidente

Asdo. Xosé A. Vila — Asdo. Aquilino Alonso